



LACTIBER LEÓN SL. LEÓN



Emilio de León (esq.) e Roberto Robles no exterior da planta

Lactiber, a industria que contribúe á sustentabilidade do produtor

Ventura Barreales, de Vencoba SC, é un dos 70 gandeiros que lle venden o seu leite a Lactiber, unha empresa cen por cento leonesa que nace en 2007 para darlle soporte á expansión de Mercadona



A historia de Lactiber –antes Lecherías del Noroeste SA– está moi arraigada á comunidade castelá; de feito, tal como explica o seu director xeral, Emilio de León, “é unha das empresas que máis antigüidade ten aquí en Castela e León, con 48 anos de vida, e que pasou por distintos propietarios”. Pertenceu a Granxas Castelló, a Nestlé, a Puleva... ata que no ano 2007 Lactiber León SL, unha sociedade formada ao 50 % por Covap e Iparlat, adquire a planta.

A partir dese momento o crecemento foi exponencial. Pasaron de 60 millóns de litros de leite anuais recollidos en 2007 aos 150 millóns que recollen na actualidade, cuns 70 gandeiros –a metade leoneses e a

outra metade do resto da comunidade–, 135 postos de traballo directos e uns 100 millóns de euros de facturación que alcanzaron en 2018.

A RELACIÓN CON MERCADONA

Toda a produción de Lactiber se destina á marca Hacendado de Mercadona. Desde esta planta distribúese todo o leite que se consome en Castela e León e parte do que se consome en Madrid e na cornixa cantábrica. “Covap e Iparlat xa eran interproveedores de Mercadona e, ante a expansión que a cadea ía ter nesta zona, pediunos que a seguíssemos; por iso se comprou esta planta, só e exclusivamente para darlle servizo ao crecemento de Mercadona, desde o inicio ata hoxe”, explica De León.

A cadea de supermercados valenciana esíxelles o cumprimento de cinco necesidades básicas: seguridade alimentaria, calidade, calidez, servizo e prezo competitivo. “Ademais, ultimamente estanos pedindo innovación en produto. En Lactiber levamos tres anos traballando moito neste ámbito e os produtos que desenvolvemos este ano foron froito deste esforzo”, sostén o seu director.



AMPLA VARIEDADE DE PRODUCTOS

- Leites básicos (entero, semidesnatado e desnatado)
- Leites con calcio (entero, semidesnatado e desnatado)
- Leites sen lactosa (entero, semidesnatado e desnatado)
- Leites enriquecidos con fibra e omega 3
- Batidos e natas para cocinar UHT

Innovacións do último ano:

- Leite semidesnatado alto en proteínas, que non existía no mercado español
- Batido UHT (sabor chocolate ou vainilla) rico en proteínas, sen lactosa e sen azucres engadidos, indicado para a recuperación muscular tras o exercicio (en fase de proba en 30 tendas)



Produtos exclusivos para toda España
Desde Lactiber sêrvenselles ás 1.600 tendas que Mercadona ten en todo o país leites infantís de 1 a 3 anos e leite evaporado

► LACTIBER PUXO EN MARCHA O PROGRAMA EFIBER PARA AVALIAR A EFICIENCIA PRODUCTIVA DAS GRANXAS

MODELO DE NEGOCIO

O obxectivo de Lactiber é sinxelo: satisfacer o consumidor, ofrecéndolle un produto de “calidade dez” e ao mellor prezo posible. “Como se fai iso? Traballando xuntos todos os elos da cadea. Desde hai dous anos fixemos un esforzo por achegarnos máis ao gandeiro e darlle máis servizos; na parte da industria, tentamos ser o máis eficientes posible desde o punto de vista medioambiental, de consumo enerxético e de produtividade das liñas, e na parte do mercado reforzamos moito todo o que ten que ver con innovación e desenvolvemento, pois sabemos que o consumo de leites básicos está en descenso desde hai moitos anos e non nos queda outra que innovar en produtos que satisfagan as novas necesidades do consumidor”, declara o máximo responsable de Lactiber.

PROXECTO EFIBER

A confianza e a transparencia son esenciais nas relacións cos gandeiros. En outubro de 2017 Lactiber puxo en marcha o programa Efiber para avaliar a eficiencia produtiva das granxas co propósito de mellorar a calidade do leite e a trazabilidade, á vez que se lles proporciona aos gandeiros unha información que lles permite potenciar os seus puntos fortes e corrixir os débiles.

“Efiber é un programa voluntario co que pretendemos aumentar a eficiencia en todos os elos da cadea produtiva, xa que, igual que nós en fábrica temos que mellorar os procesos, nas granxas tamén. Nos informes que emitimos semestralmente dicimos como está cada unha en comparación coas demais, poñemos os valores mellor e peor de cada aspecto que avaliamos e así sabemos cal é a mellor nun determinado índice e como podemos progresar nas que non chegaron a ese nivel de eficiencia”, declara o responsable de Servizos Gandeiros de Lactiber, Roberto Robles.

O proxecto tamén inclúe reunións de posta en común de toda a información xerada. Recentemente, os gandeiros que participan nel visitaron as instalacións da Covap, en Córdoba, e a súa filosofía de traballo, unha viaxe que Robles considera “moi satisfacto-

ria” e da que os asistentes “volveron con ganas de repetir”.

Outra consecuencia positiva da estreita colaboración entre industria e produtores é a recente obtención do certificado en benestar animal de todas as granxas que lle venden o seu leite a Lactiber.

GALARDOADA CO PREMIO VISIÓN DE CADEA

No principio do ano, Lactiber recibiu o premio Visión de Cadea que outorga Editorial Agrícola e que recoñece o seu modelo de negocio, baseado na integración de todos os elos da cadea –produtores, industria, distribución e consumidor– para ofrecer un produto de calidade, sustentable e eficiente. “A nosa función como industria é satisfacer as necesidades do consumidor –do ‘xeife’, como lle chamamos–, achegar o gandeiro a ese consumidor e, por suposto, colaborar de forma estreita co noso cliente, Mercadona, como cadea de distribución. O xurado tamén valorou que dúas empresas con base cooperativa fosen capaces de asumir un reto fóra dos seus lugares naturais de produción e estender o seu modelo de negocio a outras zonas de España, como é o caso de Castela e León”, conclúe Emilio de León. ■